

Unidade 11: Lémbraste?

Unidade 11, Exercicio 7, parte B

- Xiana, se queres, mentres ordeno as fotos do meu álbum, podemos velas xuntas.
- Vale! Así voute coñecendo mellor. Vexo que tes algunha foto ben interesante!
- E o que aínda non viches... Mira, sabes cal destas dúas nenas de aquí era eu?
- Creo que eras esta, a loura.
- Claro, acertaches... Que pinta levaba con ese pelo! Aí tiña 8 anos e mira que cabelo tan claro, logo cambioume un pouco a cor.
- E a outra rapaza quen era?
- Era Clara, a miña mellor amiga da infancia. Iamos xuntas ás clases de clarinete e á escola tamén. Hai xa moitos anos que non a vexo. Estabamos todo o día xuntas, na aula, no patio... Non volvín saber nada dela!
- E este rapaz tan noviño de aquí é o teu home?
- Non, non... ese era Anxo, un “amigo” do instituto. Xa sabes, os primeiriños amoros... Tiñamos 17 anos e estabamos no último curso do instituto. Presentoumo a mesma amiga que nos sacou a foto o primeiro día de clase. Ela coñecérao durante o verán facendo un curso de fotografía.
- E nesta outra non está Anxo?
- Non, iso foi o ano antes de coñecelo. Aí estabamos toda a tropa do instituto. Viaxamos por Italia unha semana enteira. Foi xenial!
- Xiana, e que che parece esta en que estaba lendo? Non cres que saín con cara de espelida?
- Si oh! Tes razón, debías ser lista coma un allo. Tamén é dos anos de instituto?
- Non, esa é na residencia cando comecei a ir á facultade. O primeiro ano de carreira foi horrible! Tiven que estudar moitísimo. Logo xa me fun adaptando á universidade e acabaron por ser uns anos moi especiais.
- Agora si, este de aquí si que é o teu home, non?
- Si, ese é Xoán. Semella que non cambiou nada dende ese ano. Sacáronnos a foto cando nos mudamos. O piso en que viviamos era moi pequeno, así que mercamos esta casa antes de nacer os nenos, cando souben que estaba embarazada de Xulia. Aí tiña só un mes de embarazo.
- Ai! Mira nesta outra que ben saístes os 4! Antón e Xulia están moi guapos. Que feitiños!
- Si, si que o están! Foi no aniversario de Antón, cando fixo 5 anos.
- E nesta de aquí cantos anos ten? Parece máis noviño, non?
- Si, é de antes. Acababa de facer os tres anos. Ese día fomos ás festas da vila cos nenos e os meus pais. Que ben o pasamos!
- E nesta en que estás tan riseira e contenta?

-Esa é do ano en que cambiei de traballo. A foto fixéronma cando comecei na nova empresa, antes de casar con Xoán. Deixei o meu antigo posto porque me ofreceron outro moito mellor.

-É o mesmo traballo que tes agora?

-Si, sigo no mesmo lugar e espero que por moitos anos! Tiven moita sorte porque estou moi a gusto co que fago.

-Helena, desta foto non preciso explicación, semellas unha profesional! Con ese gorro e con ese traxe de baño...

-Non te rías, que agora xa me defendo bastante ben. Esa foto é a última que puxen no meu álbum, fixémosla hai 2 meses na piscina. É que de pequena non dei aprendido a nadar, así que me apuntei a un curso da piscina municipal este ano. Aínda hei de rematar indo ás Olimpíadas!

-Vaite Helena! Si que fixeches cousas na vida!

-Pois si! A verdade é que che tiven unha vida ben movidiña!